

## Recordatorio de Deberes Legais e Suxestión para a Consellería de Cultura, Educación e Universidade

Expediente: A.4.Q/9577/21

Santiago de Compostela, 18 de maio de 2023

Sr. Conselleiro:

Ante esta institución, mediante escrito de queixa, compareceu solicitando a nosa intervención dona XXX con DNI XXX.

No seu escrito, esencialmente, indícanos que se presentou ao proceso selectivo para o acceso ao corpo de profesorado de Ensinanzas Profesionais de Música, especialidade Canto, que tiveron lugar no Conservatorio da Coruña e que ao longo das probas se produciron distintas irregularidades das que da conta no seu escrito:

- *O Tribunal constituído non tiña o número de membros ao que obriga a norma*
- *Que os criterios e baremos das probas foron publicados o día 20 de xullo, xunto coas notas definitivas*
- *Que, xa que logo, non se lle motivaron debidamente as notas recibidas nas probas*
- *Que non se pudo grabar a proba práctica, vulnerando a obxectividade que debe rexir as probas*
- *Que a desproporción das notas entre as persoas que aprobaron e quenes apareceron suspensas non é congruente coas carreiras profesionais de quenes optaron ás prazas*
- *Que todo o proceso adolece de falta de transparencia e xerou unha situación de inxustiza e indefensión*

Ante iso requirimos informe a esa Consellería en datas de 12/11 e 15/12, 02/03/2022 e, finalmente, en data 14/03/23

O día 05/04/2023 a Consellería rexistrou informe nesta institución no que, esencialmente, indica o seguinte:

*O 23/07/2021 XXX interpuxo un recurso de alzada contra Listaxe de opositores que non superaron o concurso-oposición publicada polo tribunal número 1 do corpo de Profesores de Música e Artes Escénicas da especialidade de Canto (594403) dentro do proceso selectivo convocado pola Orde do 24 de febreiro de 2020, que foi desestimado pala Resolución do Director Xeral de Centros e Recursos Humanos do 28 de setembro de 2021.*

*Con respecto ás supostas irregularidades que indica na súa queixa (e que non transmitiu no recurso presentado) cómpre indicar que, en canto a que "O Tribunal constituído non tiña o número de membros que obriga a norma" e tal. e como se recollía na Resolución do 25 de maio de 2021, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, pola que se nomea e se fai pública a composición dos tribunais que xulgarán os procedementos selectivos de ingreso e acceso ao corpo de inspectores de educación, ao corpo de profesores de ensino secundario, ao corpo de profesores de escolas oficiais de idiomas e ao corpo de profesores de artes plásticas e deseño, e de ingreso ao corpo de profesores de ensino secundario, ao corpo de profesores de escotas oficiais de idiomas, ao corpo de profesores de música e artes escénicas, ao corpo de profesores de artes plásticas e deseño, ao corpo de profesores técnicos de formación profesional, ao corpo de mestres e procedemento de adquisición de novas especialidades polo persoal funcionario de carreira dos corpos de profesores de ensino secundario, profesores de escotas oficiais de idiomas, profesores de música e artes escénicas, profesores de artes plásticas e deseño, profesores técnicos de formación profesional e mestres da Comunidade Autónoma de Galicia, convocados pola Orde do 24 de febreiro de 2020 (Diario Oficial de Galicia do 13 de marzo), no seu punto terceiro, "Para as especialidades de Danza Clásica e de Danza Contemporánea do corpo de profesores de música e artes escénicas haberá un único tribunal" que quedou validamente constituído segundo a Orde da convocatoria (presidente/a mais catro vogais).*

*En canto á actuación do tribunal coa presidenta e 3 vogais, a Orde da convocatoria na que claramente establece que "Z6.1. Logo da convocatoria do presidente ou presidenta constituiranse os tribunais no prazo máximo de cinco días hábiles desde a súa publicación no DOG; será precisa a asistencia do presidente ou presidenta titular ou, se é o caso, do ou da suplente, e de, polo menos, tres vogais, titulares ou suplentes". Como queira que a constitución do tribunal, coa presenza da presidenta e tres dos catro vogais era quórum suficiente para a súa constitución termos que confirman que a actuación do tribunal foi acorde a dereito.*

*Polo que se refire a que "os criterios e baremos das probas foron publicados o día 20 de xullo, xunto coas notas definitivas" e que "non se lle motivaron debidamente as notas recibidas nas probas" non se entende esta reclamación dado que os criterios foron*

*publicados na Orde da convocatoria así como polo tribunal o 16 de xuño de 2021 na páxina web habilitada ao efecto para o proceso selectivo, sen que a ponderación aplicada polo tribunal desvirtúe a legalidade do procedemento na súa corrección.*

*Por outro lado, na indicación de vulneración da obxectividade do tribunal polo feito de que non se gravara a proba práctica cómpre dicir que a gravación das probas orais non estaba contemplada na Orde da convocatoria (que non foi recorrida segundo permitía a Disposición derradeira primeira da mesma) e, por outra banda, non é un medio de motivación das puntuación sendo máis ben unha técnica de comprobación que non asegura unha correcta valoración das probas.*

*Finalmente, polo que se refire ás restantes indicacións sobre irregularidades no proceso selectivo cómpre indicar que estamos ante apreciacións formuladas por XXX sen achega de proba acreditativa ningunha.*

## ANÁLISE

Á vista do contido do escrito de queixa, da documentación achegada pola persoa que promoveu este expediente e do que se manifesta no informe da administración, cómpre facer as seguintes consideracións:

**PRIMEIRO.** No que respecta á composición do Tribunal e á constitución do mesmo, axustáronse ao recollido nas Bases da Orde da convocatoria e á lexislación vixente. Asemade, no que atinxe á idoneidade dunha membro do Tribunal por ter relacións cunha das opositoras, o Tribunal non foi recusado no momento do seu nomeamento; xa que logo o seu nomeamento é firme.

**SEGUNDO.** No que respecta á publicación dos criterios de avaliación da primeira proba, os mesmos foron publicados o día 16 de xuño na páxina web habilitada para a oposición.

**TERCEIRO.** Sobre a falta de motivación por parte do Tribunal ás preguntas sobre a puntuación, a Lei 39/1995, de 1 de outubro, do Procedimento Administrativo Común das administracións públicas, recoñece tanto o dereito das persoas interesadas a acceder aos expedientes administrativos (art 53) como a obrigaón da motivación dos actos administrativos (art 35); xa que logo, a administración debe permitir o acceso das persoas interesadas a acceder aos expedientes dos procedementos selectivos nos que participe. A administración debe motivar as súas decisións en relación cos procesos selectivos, procedendo que se realice algo máis que unha mera motivación numérica.

Cando o que está en xogo é o acceso a un posto público en condicións de igualdade a administración debe procurar, alomenos nunha puntuación, explicar a súa motivación.

**CUARTO.** A Sentencia do Tribunal Supremo de 16 de marzo de 2015 sinala *“(...) non basta con motivar a controvertida calificación con comunicar a puntuación senon que é preciso que se inclúan as concretas razóns polas que a aplicación destes criterios valorativos levan, no exercicio de cada aspirante, á concreta puntuación e calificación obtida. (...) resulta evidente que faltando unha motivación que inclúa tales elementos, non é posible discernir si o xuízo técnico plasmado na puntuación aplicada se moveu dentro das marxes de apreciación que resultan tolerabeis en moitas ramas do saber ou, pola contra, non respostan a criterios lóxicos nin tolerabeis... (...)”*. Xa que logo, non abonda con reiterar as puntuacións senon incluír as motivacións das mesmas en relación cos criterios publicados. O mesmo Tribunal, o 14 de marzo de 2018 reiteraba nunha Sentencia que *“(...) as calificacións dos tribunais deben ser motivados, alén da expresión numérica e esa expresión ten que consistir na explicación dos pasos dados para establecela”*. O 16 de marzo de 2015 o Tribunal Supremo na súa Sentencia relaciona a necesaria motivación da puntuación coa necesidade de dar acceso ás persoas interesadas aos exames, para comprobar dita motivación, estimando a revisión das probas, neste caso no corpo de profesorado non universitario.

**QUINTO.** Ao respecto da gravación das probas prácticas e orais, o informe da Consellería afirma que non se recollía na Orde da convocatoria e sinala as dificultades para as gravacións, tales como a necesidade da autorización expresa das persoas participantes ou a necesidade de motivación desas gravacións. Porén, as gravacións das probas contan con amparo normativo nos *artigos 18.1 e 3.1 a) da Lei 40/2015 de 1 de outubro de Réxime Xurídico do Sector Público e na Lei 19/2013 de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información e bo goberno*. Resulta, neste sentido, moi acaída a *Sentencia do tribunal Superior de Xustiza de Castilla-La Mancha de 6 de febrero de 2018 no caso dun profesor de Contrapunto do Real Conservatorio Superior de Música de Madrid* no que o Tribunal indicou que o análise pericial no pode ser completo ante a imposibilidade de comparar coa proba por non ser esta gravada *“(...) pola falta de gravación cuxa necesidade parecenos imprescindible en futuros procesos ao fin de poder fiscalizar polo menos dita actuación (...)”*. Mesmo o TSXG, en Sentencia do 19 de decembro de 2018 donde confirma a retroacción das actuacións *“ao momento de calificación dos dous exercicios dos que consta a oposición para que se realice cun novo Tribunal, no que respecta tanto nos exames escritos como a gravación e transcripción literal da proba (...)”*. A maior abastanza, hai neste momento tecnoloxía dabondo para acadar unha gravación de máxima calidade musical que permita a súa conservación e garanta a transparencia do procedemento.

**SEXTO.** A Axencia Española de Protección de Datos, en diante AEPD, no seu informe 010601/2019, con relación á gravación en vídeo de probas no ámbito universitario, sinala que conforme as determinacións do art. 6.1.e) do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016 (A LEI 6637/2016), relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento dos seus datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (A LEI 5793/1995), en diante RGPD (17) , non existe inconveniente legal para a gravación de probas, de forma que non existe colisión algunha co vixente marco legal regulador da protección de datos persoais, sinalando respecto diso:

«Por conseguinte, a gravación dos exames orais pode ser necesaria como medio de proba para o exercicio dos seus dereitos por parte do alumno, así como para que o profesor poida xustificar a avaliación realizada, sen prexuízo de que poidan admitirse outros medios probatorios (por exemplo, esixir ao alumno un esquema do que vai expoñer)»

Do exposto neste informe, podemos interpretar que é posible a súa extensión ao ámbito das probas selectivas no ámbito das administracións públicas, xa que, nas mesmas concorre claramente un interese público (acceso ao emprego público) garantindo no seu desenvolvemento o cumprimento dos principios de igualdade, mérito e capacidade, arts. 14 (A LEI 2500/1978) e 23.2 CE (A LEI 2500/1978).

## CONCLUSIÓN

Por todo o sinalado ata agora considerase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, facer chegar a esa Consellería as seguintes **recordatorio de deberes legais**

- 1) Lembrar que a administración debe motivar as súas decisións en relación cos procesos selectivos e non limitarse a unha motivación numérica**

### E suxestión:

- 2) Incorporar a gravación das probas prácticas nos procesos selectivos dos Conservatorios Superiores, para garantir a transparencia dos mesmos**



Agradézolle de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución do Valedor do Pobo, e recórdolle a necesidade de que no prazo dun mes (art. 32.2), dea conta a esta Institución da aceptación da recomendación formulada, de ser o caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén se é o caso.

Ademais, facémolle saber que, en aplicación do principio de transparencia, a partir da semana seguinte á data na que se ditou a presente resolución, esta incluírase na páxina web da institución.

O principio de publicidade das resolucións desta institución refórzase no artigo 37 da Lei 6/1984, cando prevé que o Valedor do Pobo, no seu informe anual ao Parlamento de Galicia, dará conta do número e tipos de queixa presentadas; daquelas que foron rexeitadas e as súas causas, así como das que foron obxecto de investigación e o seu resultado, con especificación das suxestións ou recomendacións admitidas pola administración pública galega.

Saúdoo atentamente.

María Dolores Fernández Galiño  
Valedora do Pobo